

Ás troulas de Campolongo
ímoslle dar un bocado
á piscina e á escola
e ó río maltratado.

O Paseo Valle Inclán
témolo escangallado
derruíse nunha estrema
igual que Pablo Casado.

O sipaio de Feijoo
marcha para a capital
como esvare coa xefa
igual dorme no hospital.

Con Ayuso e Corina
danse ben os ovos rotos
Con Biden e con Putín
As cacholas con escrotos.

Nós imos comer a rosca
e mañá un bo salmón
xuntaremos ben os cartos
para irmos de excursión.

**3ºAB Que gobernen os chalados
debería estar prohibido
con rifas e barafundas
non se fai un bo cocido**

**3ºAB Cento vinte protocolos
tivemos coa pandemia
médicos e sanitarios
camparon coa tolemaia**

**3ºCD Non queremos o machismo
temos que saber paralo
queremos o feminismo
e entre todos conquistalo.**

**3ºCD Segue o mar con moito lixo
iso si que é maldade.
para tornar ao principio
axudarlle é a clave.**

**4º Perderon as Tanxug.
con estrondo afamado
repicaron polas redes
houbo gato encerrado.**

**4º Declamaron en galego
Avivaron sentimientos
Berraron non hai fronteiras
Levantaron os asentos**

**5º Preto de cincuenta anos
conta historias esta escola
a influenza do cuartel
do galego fixo esfola.**

**5º Xuntouse por mor pista
colectivos do lugar
pintaron o fútbol sala
sen coa escola acordar**

**1º Na Vella Estación xenou
con camelias e pingueiras
se o deixamos sete días
viña tamén con silveiras.**

**1º Nas pistas de Campongo
Temos pozas para nadar
Non se ven as papeleiras
Remata o lixo no mar.**

**2º Destapouse este ano
o mosteiro Santa Clara
un xoia de convento
coa pedra ben ornada.**

**2º Que gobernen os chalados
debería estar prohibido
con rifas e barafundas
non se fai un bo cocido.**